

04/4/2022.



## A presión do movemento pensionista conseguiu alterar os Plans de Escrivá de iniciar rapidamente a privatización das pensións.

O debate parlamentario da LRIPPE (Lei de regulación para o impulso dos plans de pensións de emprego), non está sendo o paseo triunfal que o ministro Escrivá e os poderes financeiros prevían.

Organizacións de pensionistas dos diferentes pobos e comunidades do estado, entre elas o MODEPEN, **estamos sendo quen de influír dun xeito decisivo na evolución do debate** parlamentario dunha proxecto de Lei que de aprobarse significará o inicio do proceso de privatización do sistema público de pensións. As mobilización que en todo o Estado estamos despregando, a nosa capacidade de avanzar na unidade de acción de todo o movemento pensionista, e o traballo de información e acompañamento que realizamos sobre os deputados en Madrid, teñen conseguido que **varias forzas políticas parlamentarias teñan presentado importantes emendas de fondo ao Proxecto de Lei de Escrivá.**

**Por unha banda, ERC** presentou varias emendas na mesma liña que con anterioridade xa presentara de xeito coordinado co movemento pensionista durante todo o proceso. As súas **emendas, que seica suman o apoio do BNG, Compromís, Máis País, Bildu e CUP, van contra a liña de flotación da estratexia da Lei**, que en esencia está dirixida a recortar as pensións públicas e substituílas polas privadas. O seu rexeitamento exprésase na emenda de supresión da adicional final cuarta, que é onde o proxecto de lei do goberno combina os recortes nas pensións públicas co incentivo das privadas.

E agora, con data 30 de marzo, **tamén Unidas Podemos presentou un conxunto de emendas dirixidas aos elementos máis importantes da Lei**, e na súa emenda nº 5 propón non permitir o desvío de fondos da Seguridade Social cara aos fondos privados.

Está claro que a presentación deste conxunto de emendas non nos garante a vitoria, pois aínda non se conseguiu parar a tramitación do proxecto de Lei, máis indícanos que é preciso redobrar a nosa mobilización pois **as emendas sen mobilización poden caer, e non podemos descartar que o sector máis neoliberal do PSOE busque outros apoios parlamentarios para aprobar a Lei.** Malia as dificultades, estamos abrindo un camiño que frea a aprobación pola vía rápida da Lei e a deslexitima.

A presentación das emendas, ilustran que imos nunha liña correcta malia termos enfronte a poderosos inimigos. **Manter a loita pensionista unitaria, intelixente e continuada é o único camiño.** Nunha situación na que se pretendeu minimizarnos e illarnos, temos que seguir estendendo a nosa mobilización, **a nosa capacidade de buscar aliados e apoios**, fortalecendo a unidade pensionista como movemento transversal, inclusivo e aberto, mais rigoroso na defensa dos intereses dos pensionistas e os obxectivos que nos marcamos.

Este próximo mércores, en Madrid, os movementos de pensionistas que constituímos a Unidade de Acción Pensionista, entre eles o MODEPEN, **estaremos cos deputados críticos co proxecto de Lei para dar unha mensaxe clara de unidade e vontade de mobilización.** Logo, imos enviar cartas persoais aos deputados do PSOE pedíndolles que, co seu voto, impidan a aprobación dunha Lei destinada a iniciar o proceso de privatización do noso sistema público de pensións, ... e continuaremos coas mobilizacións locais, as charlas, os carteis, as accións en redes, ..., e o máis axiña posíbel, organizaremos co resto do movemento estatal de pensionista unha **grande mobilización unitaria**, esixindo a retirada do proxecto de Lei.

**GOBERNE QUEN GOBERNE AS PENSIONS PÚBLICAS DEFÉNDENSE !!!**